

Plantación experimental do “Voluntariado da Luz” en Chandebrito

Os inscritos ao programa de voluntariado poderán participar o vindeiro 14 de marzo no acto de peche do proxecto “Árbores de Cinza”: a plantación do Bosque da Luz

O apoio financeiro do Festival da Luz permite, por terceiro ano consecutivo, o desenvolvemento deste proxecto con tres liñas de acción: divulgación escolar sobre a problemática dos incendios forestais, campañas de comunicación e sensibilización e un gran acto de reforestación

17 de xaneiro de 2020

A nova acción que levará a cabo a Asociación Galicia Ambiental será a de plantar un bosque experimental con máis de medio milleiro de castiñeiros próximos a entrada en produción nunha parcela que ademais, será aproveitada para simultanear cultivos como cogomelos. O predio será plantado por un grupo composto de medio cento de voluntarios o vindeiro 14 de marzo nunha das parcelas afectadas polos incendios de outubro de 2017. A Asociación Galicia Ambiental abreu o prazo de inscricións, ata o vindeiro 1 de marzo, para todos aqueles que desexen participar no **programa “Voluntariado da Luz”, enmarcado no proxecto “Árbores de Cinza”**.

O apoio financeiro da organización do **Festival de la Luz de Boimorto** permite, por terceiro ano consecutivo, dar **continuidade ao proxecto “Árbores de Cinza”** que naceu da man de Galicia Ambiental no ano 2018. Este proxecto conta cun conxunto de accións apoiadas en tres eixos fundamentais: *divulgación escolar da problemática dos incendios forestais, accións de comunicación e sensibilización e un gran acto de reforestación anual con especies autóctonas.*

As accións de divulgación e de sensibilización xa se están a desenvolver ao longo de todo o pasado ano, ao igual que ocorre coas charlas nos centros escolares para achegar un pouco máis á comunidade educativa a problemática dos incendios forestais. Amais, para completar este paquete de accións, ábrese o prazo para inscribirse ao programa de voluntariado. Os interesados, poderán facelo a través do [formulario da web da Asociación Galicia Ambiental](#). Os que así o desexen **poderán participar o próximo 14 de marzo, no acto de peche da campaña: a plantación do “Bosque da Luz”**. Esta última línea de acción, **a plantación, celebrarase en Chandebrito, no concello de Nigrán** en colaboración coa súa Comunidade de Montes, Asociación Veciñal e Concello.

O “Bosque da Luz”

Será unha acción de reforestación con **centos de árbores de castaño**, nos que o seu ciclo biolóxico avanzado permitirálle entrar en produción en poucos anos e **consolidar unha plantación experimental sostible**. A plantación realizarase nos montes de Chandebrito, parroquia que pertence ao concello pontevedrés de Nigrán e que foi asolada polo lume dos incendios de 2017, e vai ser completada con sembras compatibles como novos árbores “microrizados” para obtención de setas.

A plantación do “Bosque da Luz” conta cun orzamento de case 14.000 euros dun investimento total, nestes dous anos, superior aos 50.000 euros para levar a cabo as distintas accións desenvoltas e programadas. Un investimento total, no que a meirande parte son aportados polo Festival de La Luz. A plantación, contará con máis de medio

milleiro de castiñeiros destinados a crear unha parcela experimental con **árbores de produción de castaña, madeira e cogomelos en algo máis dunha hectárea**. Con este predio experimental, no **Monte Veciñal en Man Común de Chadebrito**, preténdese, amais de recuperar unha zona devastada polos incendios forestais, pór en valor unha especie autóctona como é o castiñeiro, que pode chegar a producir un ingreso de máis de 6.000 euros ao ano, cifra ben alonxada dos 1.000 se se trata de eucaliptos (nunha plantación de 1 hectárea), especie dominante nas parcelas privadas da zona.

Esta iniciativa completará o proxecto iniciado co “Bosque da Memoria” en Chadebrito e recuperar así unhas das zonas máis afectadas polos incendios en outubro de 2017 en Galicia, e que supuxo a posta en marcha da acción “Árbores de Cinza”. Unha iniciativa que rematará en setembro de 2020 coas melloras que se realizarán no “Bosque da Memoria” e co acto solidario “**Apadriña unha árbore**”, que se levará a cabo en colaboración coa Comunidade de Montes de Chadebrito.

A Asociación Galicia Ambiental

A asociación de profesionais ambientais, Galicia Ambiental, é o punto de encontro e defensa de intereses dos profesionais do sector medioambiental. O **coñecemento, divulgación** e a posta en valor das **boas prácticas ambientais** de empresas, institucións ou persoas (participación en foros, órganos consultivos, grupos de traballo...) son os piares sobre os que se asenta a asociación. Outro dos obxectivos que moven ao colectivo, é a denuncia ante as administracións públicas e/ou a Administración de Xustiza, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado... de **prácticas ilegais ou lesivas co medioambiente** no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, indistintamente de que a súa orixe teña relación con accións levadas a cabo por persoas físicas, empresas, institucións, etc. Galicia Ambiental é unha entidade, sen ánimo de lucro, que integra a profesionais independentes e/ou representantes de empresas, institucións, corporacións de dereito público, medios de comunicación... que

desenvolven a súa actividade profesional na área medioambiental, en definitiva, todas aquelas persoas para as que o medio ambiente é unha cuestión primordial.

Os nosos proxectos

Dende Galicia Ambiental promovemos o novo paradigma Economía Circular, a través do noso proxecto **Futuro circular** coa colaboración da **Fundación C&A**, apoiado en tres eixos fundamentais: a sensibilización da comunidade educativa, a divulgación e a desplastificación de espazos naturais. Desenvolvemos **charlas** en centros educativos e sociais en toda Galicia baseadas na transmisión dos principios e o novo modelo da **ECONOMÍA CIRCULAR e CONSUMO RESPONSABLE**. Colaborar con asociacións ambientais, veciñais, etc na execución de **campañas de recollida de plásticos** (e outros refugallos) en espazos naturais, é outro dos nosos obxectivos, así como profundizar nas accións de comunicación, como elemento sensibilizador da sociedade en xeral sobre a **problemática da reciclaxe e as verteduras de plásticos ao medio natural**.

Ademais deste proxecto, na actualidade, Galicia Ambiental segue a desenvolver a acción **Árbores de Cinza**, nada logo da vaga de lumes de 2017. Se ese ano se fixo unha primeira acción (reforestación) financiada por crowdfunding, seguida d'outra de creación de infraestruturas patrocinada pola Fundación C&A en Chandebrito: o **Bosque da Memoria** que se está a converter nun polo de actividades culturais e festivas desta zona, nesta terceira fase, co patrocinio do Festival da Luz – Boimorto, buscamos dar unha continuidade efectiva ao traballo iniciado. Coas **xornadas de divulgación** en centros escolares e colectivos sociais e cidadáns, aos que convidamos a colaborar nas accións de reforestación, transmíteselles a mensaxe do proxecto, que en definitiva no é outro que fomentar unha mentalidade de **prevención activa contra incendios e recuperación e restauración de espazos afectados por lumes**.

Saúdos,

Benito G.Carril

DIRCOM GALICIA AMBIENTAL



<http://www.galiciaambiental.org/>

[@galiciaambienta](#)

**NOTA DE
PRENSA**

604 000 742

www.galiciaambiental.org

<https://www.facebook.com/galiciaambiental/>

[@galiciaambienta](#)